



CAMPO DE VOLUNTARIADO "LAROUCO"

(LAROUCO - OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
4-15/07/2025	18-30	Internacional	Medioambiental e arqueolóxico	15

LOCALIZACIÓN

O Concello de Larouco conta cunha importante rede de xacementos arqueolóxicos de diferentes épocas. Destacan pola súa monumentalidade os poboados castrexos tipo o Castrillón que centrará a actuación do campo de voluntariado. Pero a presenza romana é a máis patente, tanto na toponimia como en diversos restos achados, e a mellor proba é a calzada «Vía XVIII» ou Vía Nova que unía Braga con Astorga.

DESCRICIÓN DO CAMPO

O traballo principal da actividade realizarase en xornada de mañá na contorna do xacemento arqueolóxico do Castrillón e será de tipo arqueolóxico, aínda que tamén se realizarán actividades complementarias de carácter ambiental. Entre outras:

- Sondaxes arqueolóxicas onde as persoas participantes no campo se integrarán nun equipo de especialistas e participarán como apoio nunha escavación arqueolóxica que ten como especial misión localizar materiais e estruturas que poidan axudarlles a datar este milenario poboado fortificado.
- Fabricación e colocación de caixas-niño.
- Limpeza manual da zona do xacemento, tanto de maleza e especies non protexidas coma do lixo que poida haber.
- Estudo de fauna e flora da contorna mediante a realización de pequenos percorridos en diferentes zonas do concello para coñecer a fondo a súa fauna e flora, á vez que aprendemos a usar os prismáticos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Dinámicas grupais: dinámicas de presentación, xogos nocturnos...
- Rutas de sendeirismo.
- Visitas culturais: Santuario das Ermidas, Torre do Bolo, covas de Seadur, Parque Natural Serra Enciña da Lastra, As Médulas, paseo en catamarán polo Canón do río Sil...
- Obradoiro de papel de refugallo.

- Observación das estrelas: actividade nocturna no Starlight de Trevinca utilizando o seu observatorio.
- Tempo de praia e baño.



COMO CHEGAR

- Ata A Rúa pódese chegar en autobús (www.alsa.es) ou en tren (www.renfe.es).
- Ata A Gudiña pódese chegar en autobús (www.alsa.es) ou en tren (www.renfe.es).

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue O Lar (Rúa de Bienvenido Arias, 7 – Antigua Rectoral de Larouco. 32358 – Larouco)





INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h. no aloxamento. Tamén se habilitará un punto de recollida na Estación de Tren da Rúa e outro na Estación Intermodal de Ourense.

O curso rematará o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Saco de durmir.

- Traxe de baño ou toalla de baño e de ducha.
- Chancletas de ducha.
- Gorra para o sol e protector solar.
- Aseo persoal.
- Mochila pequena para as rutas.
- Calzado cómodo e impermeable.
- Roupas de abrigo, para a choiva.
- Roupas e calzado de traballo.

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Ourense: camposourense.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude

